

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 21 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Re-Solve +), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 29 de xuño de 2010, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Re-Solve +).

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

#### Primeiro

Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Re-Solve +); e convocar para 2010 o dito réxime de axudas en concorrencia non competitiva.

#### Segundo.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases reguladoras no *Diario Oficial de Galicia* (no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela iniciárase o día hábil seguinte) e finalizará o 30 de decembro de 2010.

No caso de esgotamento do crédito, en cumprimento do disposto no artigo 32 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia (Decreto 11/2009, do 8 de

xaneiro), o Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web, co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes.

#### Terceiro.-*Dotación orzamentaria.*

Os créditos para financiar os compromisos derivados destas bases financiaranse, con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.E5/10/01.656, cun crédito de 800.000 € para o exercicio 2010 e 200.000 € para o exercicio 2011. Así mesmo, as dotacións ao fondo de garantía do Igape para a cobertura do risco dos reavais do 25%, farase con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.E5/40/03.142, cun crédito de 1.000.000 € para o exercicio 2010 e 1.400.000 € para o exercicio 2011. As ditas dotacións correspóndense co 8% dun importe máximo que se vai reavalar de 30 millóns de euros. O dito importe atópase dentro do límite de risco establecido no parágrafo segundo do punto un do artigo 38 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 (DOG nº 253, do 30 de decembro). Para o ano 2011 publicarase no DOG o límite máximo que se vai reavalar mediante resolución do director xeral do Igape.

O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, previa declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución publicada para o efecto.

Así mesmo, non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Cuarto

Os requisitos das letras c), e), f), h), i), j), k), l), m) e n) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

**Bases reguladoras das axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Re-Solve +)**

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade galega.

Neste sentido, nos últimos tempos as dificultades para acceder ao financiamento do circulante convertéronse no principal problema de moitas pemes e o Igape optou apoiar o acceso ao crédito operativo, mediante unha liña específica para o acceso ao financiamento avalado para circulante. De cara a este exercicio parece conveniente continuar cos apoios ao acceso ao financiamento operativo e reforzalo con apoios ao financiamento estrutural, facilitando o acceso aos avais das SGR para o refinanciamento de pasivos e ampliación de capital.

A axuda do Igape consiste, polo tanto, no reaval do 25% por parte do Igape. Ademais, no caso do financiamento obtido polos socios destinado a unha ampliación de capital social, parece conveniente apoiálo tamén cunha subsidiación do tipo de xuro.

Nesta liña, propónse a convocatoira das axudas do Igape para o apoio ao acceso ao financiamento avalado para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, que recollen os requisitos dos beneficiarios, o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados. A convocatoria das axudas deberá ser obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape.

A tramitación destas axudas exclúe a concorrencia competitiva con base no establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito.

Xustifícase a excepcionalidade por canto neste casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de apoiar calquera operación financeira que, cumprindo os requisitos especificados nestas bases, supoña dotar as empresas beneficiarias da tesouraría necesaria para evitar os problemas de liquidez, sobre todo na actual situa-

ción de dificultades na economía con especial incidencia nas pemes. Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que os proxectos subvencionables poidan ser atendidos coa debida dilixencia e, en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de xeito continuo.

*Artigo 1º.-Obxecto.*

Estas bases regulan o contido e procedemento de tramitación de tres liñas de axuda dirixidas a facilitar o acceso ao financiamento por parte das pemes co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira.

Liña 1.-Apoio ao circulante.

Liña 2.-Refinanciamento de pasivos.

Liña 3.-Ampliación de capital social.

*Artigo 2º.-Beneficiarios das axudas.*

2.1. Poderán acceder ás axudas previstas nestas bases as pequenas e medianas empresas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías). Tamén poderán acceder á condición de beneficiario as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Neste caso deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En calquera caso, deberán ter radicado o seu domicilio fiscal en Galicia e desenvolver unha das actividades subvencionables sinaladas no anexo I a estas bases.

2.2. Ademais, poderán ser beneficiarios da liña de ampliación de capital os socios actuais ou futuros, sexan persoas físicas ou xurídicas, de sociedades mercantís ou cooperativas que cumpran os requisitos establecidos nestas bases para as empresas beneficiarias.

2.3. Os solicitantes terán que estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia e non ser considerados empresas en crise no sentido das directrices comunitarias sobres axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (D.O. C244 do 1 de outubro de 2004).

2.4. Ademais de reunir os requisitos establecidos para cada liña de financiamento, deberán cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecida no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.

#### Artigo 3º.-*Actividades incentivables.*

Considéranse actividades incentivables a través de calquera das liñas, aquelas que se correspondan con algunha das sinaladas no anexo I destas bases.

#### Artigo 4º.-*Condicións e requisitos.*

##### 4.1. Liña de apoio ao circulante.

Poderán acollerse aquelas pequenas e medianas empresas que formalicen unha nova póliza de crédito ou préstamo que se destine ao financiamento do seu activo corrente, entendendo como tal o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, aluguer, *leasing*, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento do seu vencemento e cotas de *leasing*. En ningún caso poderán aplicarse a financiar investimentos en inmovilizado ou activos financeiros nin á cancelación anticipada de pasivos bancarios.

##### 4.2. Liña de refinanciamento de pasivos.

Poderán acollerse aquelas pequenas e medianas empresas que formalicen un préstamo a longo prazo que se destine á cancelación ou modificación de pasivos financeiros formalizados con entidades de crédito e con vencemento a curto ou medio prazo, co obxecto de acomodar os fluxos monetarios de entrada e saída e evitar, deste xeito, problemas futuros de liquidez.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior entenderanse por pasivos financeiros refinanciables os seguintes.

-Pólizas de préstamo ou crédito e contratos de *leasing*, con vencemento non superior a 2 anos a partir da data de solicitude da axuda no Igape.

Non se consideran pasivos refinanciables aqueles que xa tivesen calquera tipo de subvención encamiñada a mellorar as condicións financeiras respecto das normais de mercado (préstamos ICO, etc.). Tampouco poderán acollerse a esta liña aquelas empresas incursas en situación concursal ou ben se atopen

en algunha das situacións legais de disolución da sociedade.

##### 4.3. Liña de ampliación de capital social.

Poderán ser beneficiarios os socios actuais o futuros de pemes con forma xurídica de sociedades mercantís ou sociedade cooperativa xa constituídas, que soliciten financiamento alleo co obxecto de obter fondos con destino exclusivo á toma de participación nunha ampliación de capital social con desembolso inicial do 100% da devandita participación, no marco dun acordo de ampliación de capital social adoptado pola xunta xeral da sociedade.

Os socios a que se refire o parágrafo anterior poderán ser tanto persoas físicas como xurídicas, sen necesidade de cumprir os requisitos establecidos no artigo 2º.1 en canto á súa localización e 3º (actividades incentivables) destas bases. Non obstante, no caso de tratarse de empresas deberán acreditar o requisito de peme. Así mesmo, as sociedades que amplíen o seu capital deberán cumprir os requisitos establecidos nos citados artigos.

As obrigas derivadas destes préstamos (garantías, xuros, amortizacións e outras) serán por conta exclusiva do socio, sen que en ningún modo poidan repercutir ou subrogarse na sociedade emisora da ampliación.

Non poderán subsidiarse as ampliacións de capital no caso de que a empresa emisora efectuase unha redución do capital social nos últimos tres exercicios, agás que esta redución fose destinada á compensación de perdas.

#### Artigo 5º.-*Características das operacións de préstamo/crédito.*

##### 5.1. Liña de apoio ao circulante.

###### 5.1.1. Modalidades.

Poderanse formalizar préstamos ou pólizas de crédito.

###### 5.1.2. Importe.

O importe máximo de préstamo/crédito subsidiado ao abeiro desta liña será de 150.000 €. O importe mínimo atendible será de 3.000 €.

###### 5.1.3. Prazo.

O prazo de vixencia, en calquera das modalidades, será de tres anos.

##### 5.2. Liña de refinanciamento de pasivos.

###### 5.2.1. Modalidade.

Préstamos.

###### 5.2.2. Importe.

O importe máximo de préstamo subsidiado ao abeiro desta liña será de 300.000 €. O importe mínimo atendible será de 6.000 €.

Non obstante, o préstamo con dereito a subsidiación determinarao o Igape en función do plan de cancelación de pasivos e limitarase, en todo caso, ao importe do capital vivo á data de solicitude, no caso dos préstamos/*leasing*, e ao importe nominal, no caso das pólizas de crédito.

### 5.2.3. Prazo.

O prazo de vixencia será de 5 anos.

### 5.3. Liña de ampliación de capital.

#### 5.3.1. Modalidade.

Préstamos.

#### 5.3.2. Importe.

O importe máximo de préstamo subsidiable ao abeiro desta liña será de 250.000 € por socio que suscribe capital e de 500.000 € por empresa que amplía o seu capital social. O importe mínimo atendible, por cada un dos socios, será de 3.000 €.

En todo caso, o volume do préstamo con dereito a subsidiación determinarao o Igape a partir da análise das necesidades financeiras que se derivan do diagnóstico e dos estados financeiros da sociedade e limitarase ao necesario para o restablecemento do equilibrio financeiro da sociedade emisora, fixándose o límite máximo de ampliación subvencionable cando se alcance a relación 55/45 entre fondos propios e pasivo alleo.

#### 5.3.3. Prazo.

O prazo de vixencia será dun mínimo de 7 anos. Non se establece prazo máximo, non obstante as axudas do Igape calcularanse para un préstamo teórico a 7 anos.

5.4. No caso de concorrencia de varias liñas, o límite máximo de operacións subsidiables por empresa será de 500.000 €.

### Artigo 6º.-*Tipos de xuro e comisións.*

6.1. O tipo de xuro nominal anual para as operacións de préstamo acollidas a estas bases e ao seu sistema de variación establécense do seguinte xeito.

Tipo de referencia: será euribor a prazo de 6 meses. As revisións faranse semestralmente.

Tipo adicional: será o que libremente pacten as partes sen que, en ningún caso, poida exceder de 2,75 puntos.

O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirlle ao tipo de referencia, o tipo adicional que pacten as partes.

6.2. Se o euribor ao prazo establecido deixase de determinarse, aplicarase o que legalmente o substitúa.

6.3. As comisións máximas que a entidade financeira poderá repercutir serán do 1,5% de apertura, 0,5% de estudo, e no caso de póliza de crédito, ademais unha comisión de dispoñibilidade trimestral máxima do 0,50% sobre o saldo medio non disposto. Para as comisións de estudo e apertura, conxuntamente, a entidade financeira poderá estipular un mínimo de ata 100 €. Para estes efectos, non se considerará comisión o cobramento da tarifa de reclamación de posicións debedoras.

6.4. A garantía a favor das entidades financeiras será o aval da sociedade de garantía recíproca adheridas ao convenio. En función do destino da operación a porcentaxe do aval será a seguinte:

Préstamos ou pólizas de crédito para circulante: 100% do risco.

Préstamos para refinanciamento de pasivos: 50% do risco.

Préstamos para ampliación de capital: 100% do risco.

No caso de operacións de préstamos para refinanciamento de pasivos, a entidade financeira poderá requirir garantías persoais ou reais pola parte non avalada pola SGR pero, en ningún caso, retencións de contas, créditos, pagamentos de xuros, reintegro de imposicións a prazo ou calquera outro activo líquido ou financeiro que poidan detraer liquidez da empresa. Deberán formalizarse dúas pólizas, unha correspondente ao 50% avalado pola SGR e outra polo 50% non avalado pola SGR. Ambas as pólizas deberán formalizarse simultaneamente.

6.5. As garantías a favor da SGR serán o reaval do Igape en cobertura do 25% do risco e como garantía adicional poderán requirir garantías persoais pero, en ningún caso, depósitos de activos líquidos ou financeiros que poidan detraer liquidez da empresa, adicionais ás achegas reintegrables aos fondos das SGR estipuladas para a operación. As SGR tamén poderán contar con reavais e achegas de organismos públicos ou dependentes da Administración que sumados ao reaval do Igape, non poderán superar o 75% do risco asumido pola SGR.

### Artigo 7º.-*Axudas e compensacións do Igape, compatibilidade e límite.*

#### 7.1. Axudas.

As axudas do Igape para o beneficiario previstas para cada operación ao abeiro deste programa serán as seguintes:

##### 7.1.1. Axuda en forma de garantía.

Consistirá no reaval do Igape durante a vixencia da operación de préstamo/crédito, en garantía do 25% do risco asumido pola SGR. Na liña de ampliación de capital o reaval do Igape terá unha vixencia

máxima de 7 anos desde a formalización da operación. Seguindo os criterios establecidos na Comunicación da Comisión 2008/C155/02 relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE das axudas estatais outorgadas en forma de garantía, considérase coma axuda indirecta a equivalente ao importe da prima non cobrada ao beneficiario.

7.1.2. Axuda en forma de subsidiación do tipo de xuro.

As operacións acollidas á liña de ampliación de capital outorgaráselles unha axuda adicional do 5% do principal do préstamo formalizado. A dita axuda correspóndese cunha subsidiación ao tipo de xuro de, aproximadamente, 1,50 puntos porcentuais para un préstamo teórico a 7 anos, con amortización trimestral e sen carencia.

7.2. Compensacións a favor da SGR colaboradora.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recolle a posibilidade de fixar unha compensación económica a favor das entidades colaboradoras. Para tal fin, o Igape aboará ás SGR colaboradoras, como compensación da comisión do aval financeiro non cobrada ao beneficiario, un 3%, na liña de apoio ao circulante, e un 4% na liña de ampliación de capital, do principal do préstamo ou crédito formalizado. Así mesmo, aboarase por cada operación un 0,25% do principal dos préstamos ou créditos formalizados como achega ao fondo de provisións técnicas. O aboamento farase directamente ás sociedades de garantía recíproca dentro da primeira quincena do mes seguinte a aquel en que reciben as correspondentes liquidacións polas operacións formalizadas no trimestre anterior, de acordo co establecido no artigo 15º destas bases.

7.3. Compatibilidade.

A concesión das axudas destas bases queda supeitada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, á da Unión Europea. Neses termos serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea.

A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, das axudas recibidas en réxime *de minimis* nos derradeiros tres exercicios. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

7.4. Límites.

As axudas financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda *de minimis* e cumpriran co establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379 do 28 de decembro de 2006). As axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais. Este límite será de 100.000 € para as empresas do sector do transporte por estrada. Para as empresas que operen no sector primario pesqueiro este límite será de 30.000 €, respectando o Regulamento 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro (DOUE L 337/2007). Para a produción primaria dos produtos agrícolas que figuran no anexo I do Tratado da Unión Europea, as axudas destas bases respectarán o Regulamento 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector agrario (DOUE L 337/2007), sendo o referido límite de 7.500 €.

Artigo 8º.-*Consentimentos e autorizacións.*

8.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

8.2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

8.3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

A dita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais á entidade colaboradora do Igape, á entidade financeira na que se aboe o pagamento das

axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 132/2006.

8.4. A presentación da solicitude polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar as certificacións coa solicitude. Non obstante o anterior, están exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social os beneficiarios das subvencións establecidos no artigo 48 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.

8.5. No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de emisión do certificado telemático, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

8.6. A presentación da solicitude tamén autoriza ao órgano xestor para acceder ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade e Residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

#### Artigo 9º.-*Tramitación das solicitudes.*

9.1. Para presentar unha solicitude de axuda o interesado, ou a entidade colaboradora no seu nome, deberá cubrir previamente un cuestionario descritivo da empresa, do proxecto e da operación financeira a través do enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. Unha vez cuberto o cuestionario, este pasará a disposición da entidade financeira na extranet de entidades colaboradoras e xerará unha solicitude de tramitación do expediente en formato papel que se presentará na entidade financeira, asinada polo solicitante (anexo II). Nesta solicitude apodérase á entidade financeira para que tramite, en nome do solicitante, o expediente de axuda ante o Igape, no caso de que este aprobe a operación financeira.

9.2. Co fin de prestar asistencia na formalización do cuestionario, o Igape pon a disposición do interesado o seu servizo de asistencia técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo de internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade que serán obxecto de publicidade no citado enderezo da internet. Tamén se poderá recibir asistencia na propia entidade financeira colaboradora. Deberán cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o cuestionario. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

9.3. As entidades de crédito centralizarán as solicitudes de axuda recibidas nas distintas sucursais e, no caso de aprobación da operación financeira, solicitarán en nome do interesado a axuda financeira no Igape no prazo máximo dun mes contado desde a entrada do cuestionario na extranet das entidades colaboradoras. No caso de que a operación financeira sexa denegada, a entidade financeira só comunicará a súa denegación.

A instrución e resolución do procedemento basearase nas declaracións contidas no citado cuestionario.

9.4. As solicitudes da entidade de crédito ao Igape presentaranse a través da extranet de entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>) sendo esta vía telemática obrigatoria. O Igape resérvase a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio asinado para o efecto.

9.5. A autorización de acceso á extranet de entidades colaboradoras para este convenio darase de oficio para os usuarios que as entidades financeiras teñan xa rexistrados para outros convenios, ben que é posible modificar estas autorizacións ou dar novas altas mediante a solicitude do anexo IV.

9.6. Os usuarios da extranet asinantes da solicitude por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o usuario da extranet asinante da solicitude teña a autorización do interesado e da entidade de crédito tramitadora. A autorización por parte do interesado acreditarase mediante a solicitude orixinal (copia para a entidade de crédito do anexo II); a autorización por parte da entidade financeira virá dada polo anexo IV entregado ao Igape segundo se indicou anteriormente.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido, tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para os efectos de presentación de solicitudes.

9.7. Dentro dos dez días seguintes á presentación das solicitudes no rexistro telemático, a entidade financeira comunicaralles aos solicitantes a data na que as solicitudes foron presentadas no Igape, o número de expediente asignado, o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento (dous meses desde a data de presentación da solicitude de axuda no Igape) e os efectos do silencio administrativo (negativo).

9.8. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os datos exixidos nestas bases, requirirase o solicitante e a entidade de crédito para que, no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao requirimento, se emende a falta, con indicación de que, en caso contrario, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei 30/1992.

9.9. Traslado de solicitudes á sociedade de garantía recíproca.

O Igape trasladará a través da extranet de entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>) a solicitude cursada á sociedade de garantía recíproca correspondente, para os efectos da valoración do risco e remisión da súa posición ao Igape. O dito traslado autoriza a formalización da operación financeira, sen que a dita remisión supoña recoñecemento do dereito do solicitante a percibir finalmente a axuda.

A SGR formulará a súa posición no prazo de 15 días hábiles seguintes ao traslado da solicitude. No caso de non recibir resposta pola SGR no citado prazo o Igape desestimará a solicitude.

#### Artigo 10º.-Resolución.

10.1. Unha vez que a sociedade de garantía recíproca formule a súa posición, a solicitude será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos á operación declarados no cuestionario anexo a ela. Unha vez avaliada a solicitude, a Dirección da Área de Financiamento elevará a proposta de resolución á persoa titular da dirección

xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.

10.2. Na resolución de concesión de axuda farase constar o importe do préstamo ou crédito subsidiabile e o seu prazo de vixencia e carencia, así como a axuda en forma de garantía polo reaval que se prestará á SGR e a subsidiación do tipo de xuro, no caso de operacións para a liña de ampliación de capital.

10.3. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei de subvencións de Galicia.

10.4. De acordo coas características do programa de axuda, o procedemento de concesión tramitarase en concorrencia non competitiva. As solicitudes de axuda resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas no Igape, e ata esgotarse as disponibilidades orzamentarias aprobadas, circunstancia que se publicará mediante resolución no *Diario Oficial de Galicia* e páxina web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es). O esgotamento do crédito leva consigo a inadmisión de posteriores solicitudes.

#### Artigo 11º.-Notificación, silencio administrativo e recursos.

11.1. O Igape notificaralle ao solicitante e comunicarlle á entidade financeira e á SGR a concesión ou denegación da axuda, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

11.2. O beneficiario ten un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión para aceptala. Para isto deberá cubrir o modelo de aceptación establecido na páxina web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es). A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nestas bases e demais disposicións aplicables. Transcorrido o prazo de aceptación sen que se producise manifestación expresa, a axuda entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida. No caso de que o beneficiario renunciase á axuda percibida, procederase consonte o artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

11.3. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de dous meses desde a data de presentación completa da solicitude de axuda no Igape. O dito prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido tal prazo sen que se notifique resolución expresa, poderá entenderse desestimada.

Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo diante dos xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución se for expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición diante do director xeral do Igape no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución se for expresa, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

11.4. Poderá ser causa de denegación da axuda a falta de comunicación pola SGR da súa posición respecto a aprobación da operación, nos prazos establecidos nestas bases e no convenio asinado para o efecto, sen prexuízo da posibilidade do solicitante de reiterar a súa solicitude.

#### Artigo 12º.-*Publicación.*

12.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades financeiras e sociedades de garantía recíprocas para os efectos da formalización da operación, e a referida publicidade.

12.2. De acordo co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, [www.igape.es](http://www.igape.es) e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarse no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na

páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

#### Artigo 13º.-*Formalización da operación financeira.*

13.1. Unha vez recibida a solicitude da axuda no Igape, este poderá autorizar a formalización da operación financeira, previamente á resolución de concesión. A dita autorización comunicarase á entidade financeira e á SGR, a través da extranet de entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>).

13.1.1. A formalización do préstamo/crédito antes da resolución de concesión non implica o recoñecemento de ningún dereito ou cualificación do expediente respecto á concesión da axuda solicitada.

13.1.2. No contrato de préstamo/crédito formalizado anticipadamente de acordo co previsto no apartado anterior, deberanse mencionar, polo menos, os seguintes extremos: que se presentou solicitude de axuda financeira no Igape, con indicación da data de rexistro de entrada neste Instituto, e que o préstamo quedará acollido ás axudas establecidas nestas bases nos termos e condicións establecidas na resolución de concesión da axuda que, no seu día, se dite, así como, no caso da liña de ampliación de capital, compromiso de destinar o importe da axuda no momento no que se reciba a amortización anticipada do principal do préstamo. Ademais, o contrato deberá indicar as condicións financeiras, non suxeitas a estas bases, para o caso de que o Igape resolva denegatoriamente.

13.1.3. No suposto de que a resolución de concesión da axuda que, se é o caso, se dite, recolle unhas condicións diferentes das indicadas na autorización de formalización anticipada, deberá incluírse un anexo ao documento de préstamo/crédito, intervido por fedatario público, no que se fagan constar as características establecidas na dita resolución.

13.2. Se o préstamo/crédito se formaliza con posterioridade á data de notificación da resolución de concesión, deberá recoller a mención de estar acollido ás axudas previstas nestas bases e o compromiso de destinar o importe da axuda no momento no que se reciba á amortización anticipada do principal da operación financeira, no caso da liña de ampliación de capital.

13.3. O prazo máximo para a formalización do préstamo/crédito ou, se é o caso, adaptación da póliza ás condicións da resolución de concesión do Igape será de 2 meses, contados desde o día seguinte ao da data de notificación da concesión ao beneficiario.

Finalizado o dito prazo sen que se formalizase ou adaptase, ditarase resolución tendo ao solicitante por renunciado e ordenando o arquivo do expediente, salvo que, logo de solicitude razoada de prórroga deste, presentada no Igape dentro do prazo e acredi-



tando a conformidade da entidade financeira, o Igape autorice a dita prórroga.

13.4. Non será necesaria a formalización contractual do reaval, abonda para obrigar o Igape e a entidade beneficiaria do reaval a resolución de concesión e a formalización do aval coa SGR. A póliza de aval que se formalice entre a SGR e a empresa avalada deberá facer constar a existencia do reaval do Igape e as súas características.

#### Artigo 14º.-Xustificación.

Unha vez formalizada a operación avalada, as SGR solicitarán os orixinais das solicitudes de cobramento asinadas polos titulares das operacións segundo o anexo III a estas bases, de acordo cos modelos (a), (b) ou (c) que lle corresponde de acordo á liña á que se acolleu e custodiaranos á disposición do Igape. Os ditos modelos de liquidación, no caso de subvencións concedidas por importe igual ou inferior a 12.000 €, constitúen a conta xustificativa simplificada establecida no artigo 51 do Decreto 11/2009, que regulamenta a Lei de subvencións de Galicia. Non obstante, o Igape ou a súa entidade colaboradora poderá requirirle ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gastos seleccionados en base a técnicas de mostraxe, comprobándose para estes efectos polo Igape un mínimo do 10% dos expedientes con axudas aprobadas por importe ata 6.000 €, e un mínimo do 20% dos expedientes con axudas aprobadas por importe superior a 6.000 € e ata 12.000 €.

Polo tanto, cando das comprobacións realizadas non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención ou no caso de superarse o importe de subvención de 12.000 €, o Igape procederá a requirirle aos beneficiarios a totalidade dos documentos xustificativos, ben directamente ou a través das entidades colaboradoras, a documentación seguinte:

Para calquera das liñas:

-Copia cotexada da póliza ou escritura de préstamo/crédito subsidiado.

Ademais, para o programa de refinanciamento de pasivos:

-Fotocopias cotexadas pola entidade financeira das pólizas correspondentes ás operacións canceladas ou modificadas.

-Certificación bancaria da cancelación ou modificación das mesmas.

Para o programa de ampliación de capital:

-Fotocopia cotexada da escritura de ampliación de capital.

O Igape poderá requirir das SGR, previamente ou con posterioridade ao pagamento da liquidación tri-

mestral prevista no artigo 15º destas bases, calquera documentación acreditativa do cumprimento do proxecto subvencionado así coma outra información para os efectos estatísticos e dunha axeitada imputación contable ao peche do exercicio. Para os ditos efectos, o Igape resérvase o dereito de introducir modificacións e melloras na recollida de datos da extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións coas entidades colaboradoras e as actuacións de control que lle corresponden.

#### Artigo 15º.-Pagamento das compensacións á SGR.

15.1. Na primeira quincena do mes seguinte de cada trimestre natural as SGR remitiranlle ao Igape, a través da extranet de entidades colaboradoras a liquidación dos importes que lles corresponde percibir por cada unha das operacións formalizadas adecuadamente ao abeiro destas bases, segundo o establecido a continuación:

-En concepto de compensación da comisión do aval financeiro das SGR, un 3% do principal dos préstamos ou créditos formalizados para as operacións de circulante e do 4% do principal dos préstamos formalizados para as operacións de ampliación de capital.

-En concepto de aportación ao fondo de provisións técnicas da SGR, un 0,25% do principal dos préstamos ou créditos formalizados para as liñas de circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital.

15.2. O Igape procederá ao pagamento das cantidades liquidadas correspondentes, directamente ás sociedades de garantía recíproca dentro da primeira quincena do mes seguinte a aquel en que recibisen as correspondentes liquidacións.

#### Artigo 16º.-Pagamento da subsidiación ao tipo de xuro a través das entidades financeiras.

16.1. Unha vez recibida a liquidación por parte das SGR, o Igape procederá, nos casos que corresponda, ao pagamento da subsidiación do tipo de xuro, dunha soa vez, a través da entidade financeira prestamista. A subvención deberá destinarse á amortización anticipada do principal da operación de préstamo, non podendo a entidade financeira cobrar comisión ningunha pola dita amortización.

16.2. A entidade financeira deberá presentar no Igape, no prazo de 30 días desde a data de pagamento da subvención, certificación acreditativa do ingreso desta ao titular da operación, indicando no caso das operacións de préstamo que o dito importe foi destinado á amortización do principal da operación na contía subvencionada e, no caso de pólizas de crédito, a conta na que foi ingresada.

Artigo 17º.-*Procedemento en caso de execución dos reavais do Igape.*

17.1. No caso de falta de pagamento por parte do titular do préstamo e tras un período de 180 días nos que tanto a entidade financeira como a sociedade de garantía recíproca efectuarán as oportunas xestións para a súa regularización, será suficiente o requirimento escrito da entidade financeira prestamista á SGR para que esta liquide o capital pendente de amortizar, máis os xuros de demora xerados, calculados a un tipo que non poderá superar en 4 puntos o establecido no artigo 6.1º destas bases reguladoras.

17.2. A SGR non aboará os xuros de demora se realiza o pagamento dentro do prazo de cinco días hábiles contados desde a notificación do requirimento escrito da entidade financeira.

17.3. Unha vez que a operación resultase fallida, a SGR deberá comunicar ao Igape tal circunstancia nos trinta días naturais seguintes. O Igape recoñecerá cada mes as obrigas de pagamento correspondentes aos fallidos comunicados no mes anterior, e procederá no mesmo momento ao pagamento das obrigas recoñecidas, con cargo aos seus propios orzamentos.

17.4. As entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca obríganse mutuamente a que a execución que se realice fronte aos bens e dereitos do prestameiro (coa excepción do aval da SGR) sexa conxunta, asumindo os gastos do proceso en proporción ao risco tomado e distribuíndose conxuntamente co Igape, na mesma proporción, o produto das recuperacións obtidas do debedor.

17.5. O Igape participará no recobramento da SGR proporcionalmente ao risco reavalado, unha vez deducidos os gastos do proceso por ela soportados. Este importe deberá ser ingresado no Igape ao final de cada ano, na conta que este designe. Se a SGR se adjudica en pagamento de débedas, bens ou dereitos coa intención de vendelo a un terceiro, xa sexa en virtude de acordos extraxudiciais (dacións en pagamento, cesión de bens, permutas, etc.) ou por procedementos xudiciais, as SGR reembolsarán ao Igape a parte dos importes obtidos na transmisión dos citados bens a un terceiro que lle corresponda ao instituto proporcionalmente ao reaval do 25% do principal, ao final de cada ano e na conta que o instituto sinale.

Artigo 18º.-*Información periódica. Custodia da documentación.*

18.1. As SGR remitirán mensualmente ao Igape unha relación dos avais en vigor outorgados ao abeiro destas bases reguladoras, detallando, polo menos, para cada un deles, os seguintes datos: beneficiario, importe formalizado, risco en vigor, risco avalado por CERSA e, se é o caso, risco avalado por outras entidades, importe incurso en morosidade, provisións dotadas e, de ser o caso, importe considerado fallido.

18.2. As SGR terán que custodiar e ter á disposición do Igape toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión do reaval, a que reflicte as incidencias sobrevidas nas operacións reavaladas e a especialmente establecida nestas bases, durante un período de cinco anos desde a súa cancelación.

Artigo 19º.-*Modificacións.*

19.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

19.2. O beneficiario queda obrigado a comunicar ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foi concedida a axuda. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para a mesma operación no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

19.3. No caso de modificación do proxecto, o beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución. No caso de que a modificación afecte os datos declarados no cuestionario, deberá cubrir previamente un novo cuestionario descritivo do proxecto na aplicación de axuda na internet, e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación.

19.4. A persoa titular da Dirección Xeral do Igape poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos.

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación de ter concurrido na concesión inicial non supuxesen a denegación da axuda.

19.5. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente no cal se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

19.6. O Igape poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

19.7. No caso de modificacións da operación financeira, unha vez formalizada e que supoñan unha mellora solicitada pola empresa (carencia intermedia, diferencial, etc), poderá levarse a cabo sen autorización previa do Igape. Non obstante, a entidade financeira deberá comunicala. As ditas modificacións non suporán, en ningún caso, a revisión á alza das axudas concedidas.

*Artigo 20º.-Reintegros, incumprimentos e sancións.*

20.1. Procederá o reintegro por parte do beneficiario das cantidades aboadas polo Igape á entidade financeira, con motivo da súa operación de préstamo/crédito, xunto cos xuros de demora xerados desde o pagamento, nos seguintes casos.

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo os termos contidos nestas bases.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Amortización total da operación financeira sen ter transcorrido polo menos a metade do período de vixencia.

e) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda ou subvención pública, así como dos compromisos por este asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

f) Incumprimento de adoptar as medidas de difusión que se impuxesen na resolución de concesión.

g) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro desempeñadas pola Administración ou por calquera dos seus órganos, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de

verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado CE, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) A nulidade da resolución polas causas establecidas no artigo 32 ou ter incorrido nalgunha das causas de reintegro do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

20.2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións ou doutras entidades públicas ou privadas, supere o custo do proxecto ou o límite de intensidade de axuda establecido pola normativa comunitaria.

20.3. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, sendo competente para a súa resolución o director xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes ao da súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

20.4. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, os beneficiarios e entidades financeiras e SGR colaboradoras sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e no título VI do seu regulamento.

*Artigo 21º.-Modificación das condicións financeiras e comisións de aval en caso de perda da subvención.*

As entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca poderán pactar nas correspondentes pólizas e contratos de garantía que sexan de aplicación diferentes condicións ás estipuladas nestas bases, no suposto de que o Igape non aboe a subvención debido á súa perda por incumprimento de condicións do prestatario.

*Artigo 22º.-Control.*

Tanto as entidades financeiras como as sociedades de garantía recíproca adheridas e os beneficiarios

das operacións de financiamento quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acollidas a estas bases.

*Artigo 23º.-Adhesión mediante convenio de entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca colaboradoras.*

23.1. O Igape convidará a adherirse ao convenio de colaboración no cal se regulen os compromisos das partes a todas aquelas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca que, tendo acreditada unha presenza significativa en Galicia, así como a súa solvencia (a solvencia entenderase acreditada se non teñen iniciado expediente de intervención polo *Banco de España*), colaborasen co instituto nos seus programas de subsidiación ao tipo de xuro de préstamos, créditos ou operacións de arrendamento financeiro. Así mesmo, poderán instar a súa adhesión todas aquelas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca acreditadas polo Banco de España que, demostrando unha implantación significativa en Galicia, dispoñan dos medios técnicos adecuados para asegurar a correcta tramitación dos expedientes conforme o establecido no convenio asinado para o efecto, nestas bases e nos seus anexos.

As ditas entidades xustificarán mediante declaración responsable o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo as obrigas do artigo 12 do citado texto legal.

23.2. A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, da declaración que se xunta como anexo V a estas bases. O Igape dará conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio e publicaráo no *Diario Oficial de Galicia*.

23.3. As entidades colaboradoras adheridas ao convenio relaciónanse no anexo VI a estas bases.

*Artigo 24º.-Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulamento de avais do Igape, e nos decretos 132/1995, do 10 de maio, e 302/1999, do 17 novembro, que o modifican e na Orde da Consellería de Economía e Industria do 27 de agosto do 2009 (DOG nº 173, do 3 de setembro), no Regulamento 875/2007, do 24 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*

no sector pesqueiro (DOUE do 25 de xullo) e no Regulamento 1535/2007, do 20 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas (DOUE do 21 de decembro) no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro), e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### ANEXO I

#### Actividades incentivables (CNAE 2009)

**Axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes**

#### Agricultura

01 Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas.

02 Silvicultura e explotación forestal agás 02.20.

#### Pesca e acuicultura

03 Pesca e acuicultura.

#### Industria extractiva

07 Extracción de minerais metálicos agás 07.21.

08 Outras industrias extractivas agás 08.92.

#### Industria manufacturera

10 Industria da alimentación.

11 Fabricación de bebidas.

13 Industria téxtil.

14 Confección de pezas de roupa de vestir.

15 Industria do coiro e do calzado.

16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles, cestería e espartaría.

17 Industria do papel.

18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.

19 Coquerías e refinación do petróleo agás 19.20.

20 Industria química.

21 Fabricación de produtos farmacéuticos.

22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos.

23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos.

24 Metalurxia; fabricación de produtos e ferro, aceiro e ferroalixaxes agás 24.46.

25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento.

26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos.

27 Fabricación de material e equipamento eléctrico.

28 Fabricación de maquinaria e equipamento N.C.N.

29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques.

30 Fabricación doutro material de transporte.

31 Fabricación de mobles.

32 Outras industrias manufactureiras.

33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento.

**Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado**

35.30 Fornecemento de vapor e aire acondicionado.

**Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación**

38.31 Separación e clasificación de materiais.

38.32 Valorización de materiais xa clasificados.

**Construción**

41 Construción de edificios.

42 Enxeñaría civil.

43 Actividades de construción especializada.

**Comercio por xunto e a retalho, reparación de vehículos de motor e motocicletas**

45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas.

46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas.

47 Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas.

**Transporte e almacenamento**

49 Transporte terrestre e por tubaxe.

50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores.

52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte agás 52.23 52.24 e 52.29.

**Hostalaría**

55 Servizos de aloxamento.

56 Servizos de comidas e bebidas.

**Información e comunicación**

58 Edición.

59 Actividades cinematográficas de vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical agás 59.14.

60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión.

62 Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática.

63 Servizos de información.

**Actividades inmobiliarias**

68 Actividades inmobiliarias.

**Actividades profesionais, científicas e técnicas**

69 Actividades xurídicas e de contabilidade.

70 Actividades das sedes centrais, actividades de consultoría de xestión empresarial.

71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicas.

72 Investigación e desenvolvemento.

73 Publicidade e estudos de mercado.

74 Outras actividades profesionais, científicas e técnicas.

**Actividades administrativas e servizos auxiliares**

77 Actividades de aluguer.

78 Actividades relacionadas co emprego.

79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.

80 Actividades de seguraza e investigación.

81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría.

82 Actividades administrativas de oficinas e outras actividades auxiliares ás empresas.

**Outros servizos**

95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E  
INDUSTRIA

ANEXO II



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DO IGAPE PARA O PROGRAMA DE APOIO AO ACCESO AO FINANCIAMENTO PARA CIRCULANTE, REFINANCIAMENTO DE PASIVOS E AMPLIACIÓN DE CAPITAL DAS PEMES</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IG524A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

ENTIDADE		CIF / NIF	
ACTIVIDADE		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL (se é o caso)			DNI
DOMICILIO POSTAL			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	TELÉFONO
			FAX

**SOLICITUDE PARA**

- IG179- Liña 1: apoio ao circulante.**  
 **IG180- Liña 2: refinanciamento de pasivos.**  
 **IG181- Liña 3: ampliación de capital social.**

NOTA: No caso de solicitar axuda para máis dunha liña, deberá cubrir unha solicitude para cada unha.

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o seu código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

- Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática.**

Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da Internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado.

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente o Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas cales o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela.
- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos.
- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.
- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente.

A empresa solicitante apodera á entidade financeira para a presentación e tramitación ante o Igape desta solicitude, conforme o sinalado nas bases reguladoras da axuda.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/A SOLICITANTE

(na liña de ampliación de capital social deberán asinar o solicitante e o representante legal da sociedade mercantil que amplía o capital social)

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 21 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Re-solve +), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva.*

DATA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA ANTE A QUE PRESENTA A SOLICITUDE.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E  
INDUSTRIA

ANEXO III (a)



**SOLICITUDE DE COBRAMENTO  
LIÑA DE APOIO AO CIRCULANTE**

**Axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes**

Nº EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**Don/Dona**  con DNI nº  ,  
*(Apellidos, nome e cargo na empresa beneficiaria)*

actuando en nome e representación da empresa titular do expediente arriba citado,

**EXPÓN:**

Que se formalizou a operación solicitada ao abeiro das axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes, correspondente ao expediente arriba referenciado por un importe de

euros, correspondente á liña de apoio ao circulante, e

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que os fondos correspondentes á dita operación de crédito serán utilizados para o financiamento de activo corrente, entendendo como tal o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, aluguer, *leasing*, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento do seu vencemento e cotas de *leasing*. En ningún caso se aplicarán a financiar investimentos en inmovilizado ou activos financeiros, nin á cancelación anticipada de pasivos bancarios.

Que, para este mesmo proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	IMPORTE €	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas concedidas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas solicitadas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas en réxime *de minimis* que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	IMPORTE €	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas <i>de minimis</i> dos 3 exercicios anteriores	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a empresa comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña en réxime *de minimis* e cantas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E por todo iso,

**SOLICITA:**

Que lle sexan aboados á sociedade de garantía recíproca os importes devengados segundo o artigo 7º das citadas bases.

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

POLA EMPRESA BENEFICIARIA

Asdo.:



**SOLICITUDE DE COBRAMENTO  
LIÑA DE REFINANCIAMENTO DE PASIVOS**

**Axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes**

**Don/Dona**  con DNI nº ,  
(Apelidos, nome e cargo na empresa beneficiaria)

actuando en nome e representación da empresa titular do expediente arriba citado,

**EXPÓN:**

Que se formalizou a operación solicitada ao abeiro das axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes, correspondente ao expediente arriba referenciado por un importe de

euros, correspondente á liña de refinanciamento de pasivos, e

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que os fondos correspondentes a dita operación de préstamo foron utilizados para o refinanciamento dos pasivos indicados na solicitude da axuda do Igape consistentes en pólizas de préstamo ou crédito ou contratos de *leasing*, con vencemento non superior a 2 anos a partir da data de solicitude da axuda no Igape e non teñen ningún tipo de subvención encamiñada a mellorar as condicións financeiras respecto das normais de mercado (préstamos ICO, etc).

Que a empresa que represento non se atopa incursa en situación concursal ou en algunha das situacións legais de disolución da sociedade.

Que, para este mesmo proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	IMPORTE €	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas concedidas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas solicitadas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas en réxime *de minimis* que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	IMPORTE €	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas <i>de minimis</i> dos 3 exercicios anteriores	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a empresa comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña en réxime *de minimis* e cantas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E por todo iso,

**SOLICITA:**

Que lle sexan aboados á sociedade de garantía recíproca os importes devengados segundo o artigo 7º das citadas bases.

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

POLA EMPRESA BENEFICIARIA

Asdo.:





ANEXO III (c)



**SOLICITUDE DE COBRAMENTO  
LIÑA DE AMPLIACIÓN DE CAPITAL  
Axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes**

Nº EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**Don/Dona**  con DNI nº  ,  
*(Apellidos, nome e cargo na empresa beneficiaria)*

actuando en nome e representación da empresa titular do expediente arriba citado,

**EXPÓN:**

Que se formalizou a operación solicitada ao abeiro das axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes, correspondente ao expediente arriba referenciado por un importe de  euros, correspondente á liña de ampliación de capital, e

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que os fondos correspondentes a dita operación de préstamo foron utilizados para á toma de participación nunha ampliación de capital social da empresa (indicar nome e CIF)   con desembolso inicial do 100% da mesma, no marco dun acordo de ampliación de capital social adoptado pola xunta xeral da sociedade e de acordo co proxecto presentado coa solicitude de axuda ao Igape.

Que, para este mesmo proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	IMPORTE €	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas concedidas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas solicitadas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas en réxime *de minimis* que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	IMPORTE €	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas de <i>minimis</i> dos 3 exercicios anteriores	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a empresa comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña en réxime *de minimis* e cantas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E por todo iso,

**SOLICITA:**

Que lle sexan aboados á sociedade de garantía recíproca os importes devengados segundo o artigo 7º das citadas bases.

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

POLA EMPRESA BENEFICIARIA

Asdo.:



**NOTIFICACIÓN DE PERSOAS AUTORIZADAS PARA O ACCESO Á EXTRANET IGAPE-ENTIDADES  
COLABORADORAS POR PARTE DAS ENTIDADES FINANCEIRAS E SGR**  
Axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos  
e ampliación de capital das pemes

**DATOS IDENTIFICATIVOS**

<b>ENTIDADE:</b>	
RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE:</b>		
APELIDOS E NOME	NIF	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="checkbox"/> O poder do representante foi presentado xa no Igape <input type="checkbox"/> Xúntase a esta solicitude copia compulsada do poder		
NOTARIO QUE OTORGOU O PODER	DATA	Nº DE PROTOCOLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>RELACIÓN DE PERSOAS CON CERTIFICADO DIXITAL AUTORIZADAS PARA ACCEDER Á EXTRANET IGAPE-ENTIDADES COLABORADORAS COMO REPRESENTANTES DA ENTIDADE:</b>		
APELIDOS E NOME	DEREITOS DO USUARIO <sup>(1)</sup>	NIF
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Acceso y operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	<input type="text"/>

(1) O dereito de Acceso e operación implica a posibilidade de consultar e modificar os datos dos expedientes presentados ao abeiro do convenio, sen que estea facultado para presentar solicitudes telemáticas ao Igape en representación da entidade. O dereito de Sinatura de documentos inclúe todas as posibilidades do acceso anterior, e ademais a capacidade de presentar ante o Igape documentos (solicitudes, autorizacións, solicitudes de cobro e outros que se definan para o convenio) asinados dixitalmente con plenos efectos legais.

<b>DATA E SINATURA:</b>
<p>Notifico ao Igape que as persoas aquí indicadas están autorizadas a acceder por conta desta entidade á Extranet Igape-Entidades colaboradoras (<a href="http://extranet.igape.es">http://extranet.igape.es</a>), co nivel de acceso indicado, quedando canceladas as autorizacións anteriores.</p> <p>E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta notificación no lugar e data abaixo indicados.</p> <p>_____ , de _____ de _____</p> <p>Sinatura e selo</p> <p>D. /Dª. :</p> <p>O titular ou representante legal</p>

Os datos recollidos nesta solicitude, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E  
INDUSTRIA

ANEXO V



**SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO**  
**Axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes**

D./D<sup>a</sup>  con DNI nº ,  
en nome e representación da entidade   
con poderes suficientes para obrigarlle neste acto.

**DECLARA:**

- Coñecer os termos e condicións do convenio de colaboración para a habilitación dun programa de apoio ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pequenas e medianas empresas, subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras, e que ten interese en participar no dito convenio.
- Que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo isto,

**SOLICITA:**

Adherirse aos termos e condicións do referido convenio.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
(Sinatura e selo da entidade financeira)

*PRESIDENTE DO IGAPE*

ANEXO VI

**Relación de entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas**

**Axudas do Igape para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pemes**

Caixas	Bancos	SGR
-Caja de Ahorros de Galicia	-Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.	-Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (Afigal, SGR)
-Caja de Ahorros de Vigo, Ourense e Pontevedra - Caixanova	-Banco Pastor	-Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense (Sogarpo, SGR)
-Caja Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega	-Banco Espírito Santo, S.A. Sucursal de España	
-Caja España de Inversiones, Caja de Ahorros y Monte de Piedad	-Banco Gallego, S.A.	
-Caja de Ahorros de Valencia, Castellón y Alicante Bancaja	-Banco Popular Español, S.A.	
	-Banco Caixa Geral, S.A.	
	-Bankinter, S.A.	
	-Banco Echeverría, S.A.	
	-Banco Español de Créditos, S.A.	
	-Banco Santander, S.A.	